

MANIFESTO

O **CAE Spain Hub** nace para axuntar o esforzo colectivo das persoas e institucións socias de **CAE** en España coa dobre misión de poñer en marcha procesos de información, incidencia política e acción desde España cara a Europa e viceversa, así como de alimentar unha comunidade de aprendizaxe e apoio entre os seus integrantes. Os valores que nos guían son a colaboración, a transparencia, a escucha e o coidado entre persoas e institucións socias, así como o seguimiento e a acción coordinada en torno aos temas principais que afectan ao sector da arte e a cultura en España e en Europa. O traballo do **CAE Spain Hub**, cuxa primeira reunión de traballo celebrouse en Cuenca en Xullo do 2023, céntrase en catro eixos centrais de acción sempre desde o prisma do consenso e a acción colectiva coordinada:

1. Deseñar e implementar estratexias de incidencia política para interpelar ás institucións públicas estatais e internacionais a partir de declaracions de documentos con carácter técnico.
2. Obter representación nos órganos de participación e decisión de organizacións representativas de profesionais da arte e a cultura en Europa, incluíndo a **CAE** e outras posibles organizacións e institucións.
3. Capitalizar a relación existente con **CAE** para:
 - Asegurar o acceso á información recibida desde Europa co fin de reforzar as propostas a nivel local por parte das integrantes do **Spain Hub**.
 - Poder analizar o internacional para actuar no local en base a unha rede forte a nivel local de axentes interesadas no nivel europeo.
 - Identificar posibles iniciativas onde poder incorporar a integrantes do **Spain Hub**.
4. Buscar alianzas e traballar en conxunto para unha procura de financiamiento colectivo e compartido. Para iso, faise importante monitorizar os diferentes modelos de financiamiento noutros países como punto de partida de análises comparativas e propostas orixinais en e desde España.

O **CAE Spain Hub** abre unha perspectiva para pensar en Europa desde un lugar local: aínda que poida resultar a priori paradoxal, abrindo este espazo sobre Europa ábrese un espazo onde poder conversar sobre a necesidade de mirar e escutar máis ao local e atopar articulacións mutuamente enriquecedoras con outras axentes e entidades en Europa. A existencia do **CAE Spain Hub** conleva a tranquilidade de contar cunha comunidade de pares que, a través da posta en común de información, a aprendizaxe e apoio mutuo, busca beneficiar ás persoas e entidades socias a través de distintas formas.

O **Spain Hub** conta cunha coordinación rotativa de dous anos e reúne de forma periódica, principalmente online. Ademais, participa nos encontros organizados por **CAE** e trata de establecer diálogos cos Hubs existentes noutros países veciños co fin de aprender, intercambiar boas prácticas e apoiarllles cando sexa necesario. Calquera persoa ou entidade socia de **CAE** pode solicitar a súa incorporación no **Spain Hub**. Organizarase unha reunión inicial de acollida onde compartir as expectativas de ambas as partes, e onde a nova integrante teña a oportunidade de presentarse e manifestar como pode contribuír ao Hub no marco dos catro eixos de acción anteriormente descritos.